



**BASES DE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS  
DESEMPREGADOS/AS AO ABEIRO DA LIÑA 3 DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO  
2024 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**

**Primeira. *Obxecto da convocatoria***

As presentes Bases regulan o procedemento de selección de 15 traballadores/as desempregados/as, de entre os candidatos enviados preseleccionados polo Servizo Público de Emprego, para a prestación de servizos de interese xeral ou social subvencionados/as pola Deputación de Pontevedra ao abeiro das Bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a activación do emprego (Plan +Provincia) para o ano 2024 coa relación do número de traballadores/as, ocupacións e categorías e que se relacionan a continuación:

- 1 Conserxes
- 1 Auxiliar Biblioteca
- 1 Fontaneiros/as, categoría : Oficial
- 2 Electricistas, categoría: axudantes
- 2 Albaneis, categoría: Oficial
- 4 Peóns forestais
- 3 Peóns de Obras Públicas
- 1 Conductor/a camión

**Segunda. *Duración do contrato e condicións:***

Tipo contrato: Mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego.

Duración: Ata o 31 de decembro de 2024:

Durante 8 meses:

- 1 Conserxes
- 1 Auxiliar Biblioteca
- 1 Fontaneiros/as, categoría : Oficial
- 2 Electricistas, categoría: axudantes
- 2 Albaneis, categoría: Oficial

Durante 7 meses:

- 4 Peóns forestais

Durante 6 meses:

- 3 Peóns de Obras Públicas
- 1 Conductor/a camión.





O horario laboral será de 37,5 horas semanais (xornada completa).

Percibirá a cantidade mensual de 1.323,00 €uros brutos mensuais por todos os conceptos, incluída a parte correspondente das pagas extraordinarias.

**Terceira. Requisitos dos aspirantes**

Para poder participar nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público:

1. Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:
  - As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
  - As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
2. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
3. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
4. Non ter sido separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.
5. Ser desempregado/a, inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes





non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.

6. Ser convocados/as polo Servizo de Emprego de Galicia: figurar no listado remitido pola oficina de emprego da Estrada correspondente á oferta de emprego presentada polo concello na categoría profesional que se pretenda optar.
7. Para o posto de condutor/a camión debe estar en posesión do carné de conducir tipo C1 + E, ademais do CAP.
8. Para o posto de Auxiliar de biblioteca debe estar en posesión ou en condición de obter o título académico oficial de Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

#### ***Cuarta. Preselección de aspirantes***

O concello da Estrada remitirá unha oferta de emprego por cada categoría profesional solicitada á oficina de emprego da Estrada, a cal remitirá ao Concello unha relación de candidatos/as preseleccionados/as pola mesma, sendo esta oficina responsable de preseleccionar aos/ás candidatos/as que cumpran os requisitos sinalados nas correspondentes ofertas.

A oficina de emprego da Estrada remitirá comunicación aos/ás candidatos/as por ela preseleccionados na que se lles convocará para a realización do proceso de selección no Concello da Estrada, indicando data e hora de realización das probas de selección.

#### ***Quinta. Contido do proceso selectivo***

Establécese como sistema de selección o de oposición en virtude da necesidade de que os/as candidatos/as amosen a súa idoneidade para o posto a cubrir.

En función do recollido nas Bases reguladoras do Plan Máis Provincia 2024, sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, para a selección final daráselle preferencia por esta orde aos seguintes criterios:

1. Persoas en desemprego de longa duración
2. Mulleres con baixa cualificación
3. Persoas candidatas maiores de 45 anos
4. Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación
5. Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego
6. Vítimas de violencia de xénero
7. Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos





ao seu cargo

8. Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa

As persoas aspirantes remitidas pola Oficina de Emprego presentaranse no lugar indicado, o día fixado ao efecto polo citado organismo, co gallo de realizar unha proba que constará de dúas partes:

**Parte teórica:**

Consistirá en contestar 3 preguntas curtas oralmente. As preguntas serán formuladas polas persoas membros do tribunal e versarán sobre cuestións recollidas no temario que figura como anexo. (Parte común e específica para cada ocupación).

**Parte práctica:**

Consistirá en realizar as probas que determinen as persoas membros do tribunal sobre labores propios do posto, e á vista do temario que figura como anexo.

No posto de condutor/a de camión a proba práctica consistirá en realizar unha proba de condución de 1 camión.

Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición serán cualificados de 0 a 10 puntos (a excepción da proba de galego). Para aprobar cada un dos exercicios e acceder ao seguinte será necesario obter unha puntuación mínima de cinco puntos. A cualificación final será a suma das cualificacións parciais obtidas polas persoas aspirantes que fosen superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios. A orde de colocación das persoas aspirantes na lista definitiva de persoas aprobadas establecerase de maior a menor puntuación.

**Funcións auxiliar biblioteca e desenvolvemento da proba:**

A persoa seleccionada realizará labores de apoi no Departamento de cultura, Unidade de biblioteca e animación á lectura, desenvolvendo as seguintes funcións:

- Organización de actividade ordinaria da Biblioteca Municipal.
- Automatización de fondos e mantemento de catálogo.
- Posta en marcha de programas de animación á lectura ou doutra índole e propios do eido competencial da unidade.
- Atender aos usuarios do servizo.
- Prestar colaboración, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

A proba para Auxiliar Biblioteca consistirá nun suposto teórico-práctico relativo ás actividades a desenvolver. Constará dun máximo de 30 preguntas, que poderán ser tipo test ou de resposta curta, cunha puntuación máxima de 30 puntos, sendo necesario un mínimo de 15 puntos para poder superar dita proba. O tempo máximo de desenvolvemento desta proba será de 60 minutos.





### **Proba de galego**

As persoas aspirantes que non realicen a proba teórica en lingua galega terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento ou presentar o correspondente certificado Celga 2 (iniciación, certificado de escola de idiomas ou equivalente) ou Celga 3 no caso do posto de condutor/a de camiión e de auxiliar biblioteca.

A proba consistirá na realización dunha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Cualificaranse como aptas as persoas aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

### **Sexta. Baremación de criterios de preferencia e de inclusión social (Non eliminatória e puntuable: sen límite de puntos).**

Baséase nos criterios de prioridade previstos na liña 3 do Plan Máis Provincia 2024 (BOP nº 2 de 3 de xaneiro de 2024).

Para poder realizar a baremación , requírese a seguinte documentación para cada apartado:

1. Persoas en desemprego de longa duración: aquelas persoas que acumulan doce ou máis meses en situación de desemprego, sen desenvolver actividade laboral algunha durante dito período. Acreditarase mediante certificado ou informe da oficina de emprego.
2. Mulleres con baixa cualificación: considéranse persoas de baixa cualificación a aquelas que non alcanzasen os estudos correspondentes de bacharelato ou ciclo formativo de grao medio do sistema de formación profesional. Acreditarase cunha declaración responsable.
3. Maiores de 45 anos: acreditarase co DNI.
4. Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación: considéranse persoas mozas aquelas que teñan como máximo 30 anos. Serán de baixa cualificación aquelas que non alcanzasen os estudos correspondentes de bacharelato ou ciclo formativo de grao medio do sistema de formación profesional. Acreditarase cunha declaración responsable e coa presentación do DNI.
5. Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego: acreditarase co certificado correspondente.
6. Vítimas de violencia de xénero. Acreditarase por calquera das seguintes formas: Certificación da orde de protección ou medida cautelar, sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei, informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local, informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia ou calquera outro establecido regulamentariamente.
7. Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo. Acreditarase cos seguintes documentos: certificado de convivencia xunto con libro de familia, sentenza xudicial de separación/divorcio e/ou sentenza aprobatoria do convenio regulador no que se determine a garda e custodia dos/as menores a cargo ou certificado





administrativo de monoparentalidade expedido pola Comunidade Autónoma. No caso de separacións de feito: informe dos Servizos Sociais do Concello da Estrada acreditativos do feito de ser familia monoparental.

8. Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa. Acreditarase cos seguintes documentos: Declaración xurada, e xustificada, dos ingresos da unidade familiar. No caso dos/as aspirantes sen ingresos, sumarase a esta declaración a certificación negativa do Servizo Público de Emprego Estatal máis certificación negativa da Xunta de Galicia e certificación negativa do INSS. (ANEXO 2)

Resulta obrigado establecer un sistema de puntuación dos criterios de preferencia de inclusión social con aplicación de criterios obxectivos. Estes apartados serán puntuados do seguinte xeito:

<b>CRITERIOS DE PREFERENCIA (sen límite máximo)</b>	<b>PUNTOS</b>
Persoas en desemprego de longa duración	2,00 puntos
Mulleres con baixa cualificación	1,75 puntos
Persoas candidatas maiores de 45 anos	150 puntos
Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación	1,25 puntos
Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego	1,00 punto
Vítimas de violencia de xénero	0,75 puntos
Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo	0,50 puntos
Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa	0,25 puntos

### **Sétima. Publicación dos resultados**

Rematados os exercicios obrigatorios, o Tribunal publicará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación en cadansúa lista. As persoas que superen os exercicios obrigatorios disporán dun prazo de 1 día para achegar a documentación que consideren oportuna para a valoración dos criterios persoais e de inclusión social.





Dita documentación deberá ser presentada no Rexistro Xeral do Concello ou por sede electrónica.

***Oitava. Tribunal calificador***

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorresen á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

***Novena. Resultado final***

O Tribunal reunirse para valorar a documentación presentada polos aspirantes atendendo aos criterios de preferencia indicados anteriormente e publicará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación en cadansúa lista. As persoas que consigan maior puntuación serán propostas ao Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalicen os contratos. Non se poderá propoñer a máis dunha persoa por praza convocada.

O tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio. Se isto non fora suficiente, resolverase tendo en conta a puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

Elaborarase unha lista de suplentes con todas as persoas aspirantes que superen as dúas partes do exercicio obrigatorio, por orde decrecente de puntuación, de xeito que a mesma sirva para aqueles supostos en que sexa preciso realizar unha nova contratación, no caso de que algún dos aspirantes





inicialmente propostos para a súa contratación renunciase á mesma ou non acreditase esta en posesión dos requisitos esixidos, etc.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo ou incompleto o número de postos a cubrir, o Alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fora necesario, remitindo ampliación de oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de conformidade coas presentes bases.

#### ***Décima. Formalización dos contratos***

Os aspirantes propostos ademais de cumprir os requisitos esixidos nestas Bases, deberán presentar, antes da formalización do contrato a seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI.

-Certificado/ Informe médico de que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver (indicando o posto a ocupar).

-Fotocopia da tarxeta da seguridade social e número de conta bancario co código IBAN.

-En caso de que se estime, acreditación dos documentos alegados e tidos en conta para a contratación.

#### ***Décimo primeira. Protección de datos***

Os/as aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal do Concello da Estrada, con sede en Praza da Constitución nº1, 36680 A Estrada (Pontevedra), onde poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e no seu caso o de oposición

#### ***Décimo segunda. Carácter vinculante das bases***

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

#### ***Décimo terceira. Incidencias e recursos***

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.







No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).

A Estrada, 11 de abril de 2024

O ALCALDE

D. José C. López Campos

**ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**





## **ANEXO. TEMARIO**

### **Temario común**

1. Constitución. Estrutura.
2. O municipio: concepto e elementos. Competencias do municipio. Servizos mínimos.
3. A función pública local: clases de persoal funcionario.

### **Temario Específico (segundo ocupacións)**

#### **CONSERXE:**

1. Funcións e tarefas dos/as conserxes.
2. Tipos de edificios e instalacións públicas.
3. Actividades básicas de mantemento nos edificios e instalacións públicas.
4. Tarefas de vixilancia, apertura e peche dos edificios públicos.
5. Control de accesos aos edificios públicos.
6. Medidas preventivas que deben adoptar os/as conserxes. Actuación en caso de accidente.
7. Prevención de riscos laborais. Obrigas das persoas traballadoras. Equipos de protección individual.

#### **ELECTRICISTAS (axudantes)**

1. Electricidade básica: Conducións. Voltaxes, Intensidades. Potencias monofásicas e trifásicas.
2. Descrición de útiles e ferramentas habituais. De uso habitual e de uso nas redes de alumado público.
3. Mantemento e control nas redes de alumado público
4. Conservación do alumado público.
5. Simbología eléctrica.
6. Medidas de seguridade contra riscos eléctricos. Actuación en caso de accidente.
7. Prevención de riscos laborais. Obrigas das persoas traballadoras. Equipos de protección.

#### **PEÓNIS FORESTAIS**

1. Pragas e enfermidades de xardíns. Características e métodos de control.
2. Máquinas, ferramentas e útiles empregados na xardinaxe.
3. Traballos con rozadora. Medios auxiliares, equipos e ferramentas.
4. Limpeza, mantemento e ordenación de ferramentas: xardinaxe e limpeza.





5. Fertilización. Descrición xeral, Fertilizantes orgánicos e minerais.
6. Medidas de prevención nos traballos de roza. Actuación en caso de accidente.
7. Prevención de riscos laborais. Obrigas das persoas traballadoras. Equipos de protección individual.

#### **PEÓNS OBRAS PÚBLICAS**

1. Coñecementos básicos sobre a maquinaria específica de obras públicas.
2. Materiais a utilizar na conservación e mantemento de estradas.
3. Maquinaria de construción, tipoloxía, usos e mantemento.
4. Coñecementos básicos de fontanería, traballos, materiais e ferramentas.
5. Sinalización vertical e horizontal e balizamento. Tipos de sinais e balizas.
6. Medidas de prevención no traballo . Actuación en caso de accidente.
7. Prevención de riscos laborais. Obrigas das persoas traballadoras. Equipos de protección individual.

#### **FONTANEIRO/A (Oficial 1ª)**

1. Ferramentas e útiles para os traballo de fontanería.
2. Conceptos fundamentais de fontanería: caudal, consumo, velocidade, desprazamento da auga.
3. Suministro de auga: propiedades da instalación.
4. Rede de saneamento vertical e horizontal: avarías, métodos de reparación.
5. Elementos que compoñen a rede de auga quente e fría.
6. Mantemento e conservación de instalacións.
7. Medidas de prevención no traballo.
8. Actuación en caso de accidente.
9. Prevención de riscos laborais. Obrigas das persoas traballadoras. Equipos de protección individual.

#### **ALBANEIS (Oficial 1ª)**

1. Conceptos xerais sobre albanelería. Ferramentas, uso e mantemento.
2. Materiais utilizados na construción. Principais reparacións e traballos de albanelería.
3. Construción de muros, tabiques e paredes.
4. Replanteos, cimentacións e estruturas de formigón armado.
5. Clases de formigóns e características 6. Medidas de prevención nos traballos de albanelería.





Actuación en caso de accidente.

6. Prevención de riscos laborais. Obrigas das persoas traballadoras. Equipos de protección individual.

#### **CONDUTOR/A CAMIÓN**

1. O motor diesel. O sistema de alimentación nos motores diesel.
2. O sistema de lubricación
3. O sistema de refrixeración.
4. O sistema de suspensión.
5. O sistema de dirección, transmisión e freado.
6. Medidas de prevención no traballo. Actuación en caso de accidente.
7. Prevención de riscos laborais. Obrigas das persoas traballadoras. Equipos de protección individual.

#### **AUXILIAR BIBLIOTECA**

1. Bibliotecas públicas: concepto, funcións e servizos.
2. Instalacións e equipamento das bibliotecas.
3. Preservación e conservación do fondo bibliográfico e documental.
4. Ordenación dos fondos e xestión dos depósitos. Recontos
5. Servizos aos lectores: referencia e información bibliográfica.
6. Instalación e equipamento da biblioteca. Principais espazos da biblioteca
7. A clasificación bibliográfica. O Sistema de Clasificación Decimal Universal (CDU).





**INSTANCIA PLAN +PROVINCIA 2024**

**BAREMACIÓN CRITEROS DE PREFERENCIA E INCLUSIÓN SOCIAL**

NOME			
APELIDOS			
DNI		DATA DE NACEMENTO	
ENDEREZO			
TELÉFONO		MAIL	

Convocado/a polo Servizo Público de Emprego no proceso de selección do Concello da Estrada para a contratación laboral temporal, por obra ou servizo determinado:

DENOMINACIÓN POSTO/S	
----------------------	--

Aporta a seguinte DOCUMENTACIÓN: marcar o que corresponda:

- DNI, tarxeta de identidade
- Vítima violencia de xénero
- Certificado ou informe da oficina de emprego
- Niveis de renda
- Familia monoparental con fillos/as a cargo
- Maiores de 45 anos
- Discapacidade > 65%
- CELGA 2 ou 3 ou equivalente (según proceda)
- Carné de conducir esixido e CAP (conductor/a camión)
- Título esixido auxiliar biblioteca.

A Estrada, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

(sinatura da persoa solicitante)





**ANEXO I : DECLARACIÓN XURADA**

**PLAN +PROVINCIA 2024**

NOME			
APELIDOS			
DNI		DATA DE NACEMENTO	
ENDEREZO			
TELÉFONO		MAIL	

Convocado/a polo Servizo Público de Emprego no proceso de selección do Concello da Estrada para a contratación laboral temporal, por obra ou servizo determinado:

DENOMINACIÓN DO POSTO	
-----------------------	--

DECLARA

- 1) Reunir os requisitos sinalados nas Bases Reguladoras do proceso de selección para a contratación de 15 traballadores/as, como persoal laboral temporal, ao abeiro da LIÑA 3 do PLAN +PROVINCIA 2024, que declara coñecer.
- 2) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- 3) Non ter sido separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.
- 4) Non estar incurso/a en ningunha das causas de incompatibilidade do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas determinadas pola lexislación vixente

Así mesmo,

AUTORIZA á administración actuante para que proceda ao tratamento dos seus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo, ao acceso ao certificado de convivencia co obxecto de valorar a unidade familiar.

A Estrada, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

(sinatura da persoa solicitante)

**ANEXO II**





**DECLARACIÓN CRITERIOS DE PREFERENCIA**

Don/Dona \_\_\_\_\_ con  
DNI/NIE \_\_\_\_\_ candidato á selección de traballadores/as, por parte do Concello da Estrada, ao abeiro do PLAN +PROVINCIA 2024

**DECLARO**

Que os datos que seguidamente se relacionan son verdadeiros:

1. Que  SI  NON son considerada **PERSONA EN DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN**. En caso afirmativo acredíto mediante a presentación de \_\_\_\_\_ .
2. Que  SI  NON son considerada **MULLER CON BAIXA CUALIFICACIÓN**. En caso afirmativo acredíto mediante a presentación de \_\_\_\_\_ .
3. Que  SI  NON son maior de 45 anos, o que acredito mediante a presentación do DNI/NIE.
4. Que  SI  NON son considerada **PERSONA MOZA** (menor de 30 anos). En caso afirmativo acredíto mediante a presentación de \_\_\_\_\_ .
5. Que  SI  NON posúo unha **MINUSVALÍA** nas condicións establecidas nas presentes bases. En caso afirmativo acredíto mediante a presentación de \_\_\_\_\_ .
6. Que  SI  NON son considerada **VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO**. En caso afirmativo acredíto mediante a presentación de \_\_\_\_\_ .
7. Que  SI  NON son familia **MONOPARENTAL**, con fillos/as a cargo. En caso afirmativo acredíto mediante presentación de \_\_\_\_\_ .
8. Que os meus **NIVEIS DE RENDA**, da miña unidade familiar (considerada como tal fillos/as menores de 26 anos a cargo e maiores dependentes) son = ou < ao 75% do IPREM.  SI  NON (IPREM 2024 : 7.200€/anual)

1. **Para os efectos de establecer a unidade familiar**, tómase como criterio o establecido no artigo 82 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos de Sociedades, sobre a renda de non Residentes e sobre o Patrimonio que establece as modalidades de unidade familiar:

1º.- A integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houbese:

- Con fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais vivan independentemente destes.
- Con fillos maiores de idade incapacidades xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada

2º.- Nos casos de separación legal, ou cando non exista vínculo matrimonial, a formada polo pai ou a nai e todos os fillos que convivan con un ou outro e que reúnan os requisitos a que se refire a regra 1ª .

2. Ninguén poderá formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

3. A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente a 31 de decembro de cada ano

E para que así conste, asino a presente declaración

A Estrada, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

(sinatura da persoa solicitante)

